

ESTATUTOS



Data aprobación: 01/10/2022

Con data do 15-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1994/003519-1.



CVE: 3cuG7CKIFh37
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>

ÍNDICE

TÍTULO I

Denominación, fins, actividades, domicilio e ámbito 5

Artigo 1.- Denominación	5
Artigo 2.- Duración	5
Artigo 3.- Fins	5
Artigo 4.- Actividades	6
Artigo 5.- Domicilio e ámbito	7
Artigo 6.- Sección Xuvenil	7
Artigo 7.- Inscripción	7
Artigo 8.- Identidade	7

TÍTULO II

As persoas asociadas 8

Artigo 9.- Requisitos para asociarse	8
Artigo 10.- Persoas Asociadas	8
Artigo 11.- Causas de perda da condición de Persoa Asociada	8
Artigo 12.- Dereitos das Persoas Asociadas	9
Artigo 13.- Deberes das Persoas Asociadas	9

TÍTULO III

Órganos da asociación 10

Artigo 14.- Órganos de Goberno e representación da Asociación	10
---	----

CAPÍTULO I

Asemblea Xeral 10

Artigo 15.- Natureza	10
Artigo 16.- Reunións	10
Artigo 17.- Convocatorias	10
Artigo 17 bis.- Convocatorias telemáticas	11
Artigo 18.- Validez da constitución	11
Artigo 19.- Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria	11
Artigo 20.- Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria	11



Artigo 21.- Validez de adopción de acordos	12
CAPÍTULO II Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador)	12
Artigo 22.- Natureza e composición	12
Artigo 23.- Procedemento para a elección e substitución das persoas membro	13
Artigo 24.- Reunións e validez de constitución e adopción de acordos	13
Artigo 25.- Facultades da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador)	13
Artigo 26.- Comisión Executiva	14
CAPÍTULO III Os cargos unipersoais	14
Artigo 27.- Presidencia	14
Artigo 28.- Vicepresidencia	14
Artigo 29.- Secretaría	15
Artigo 30.- Tesoureiría	15
Artigo 31.- Vogais representantes dun sector de actuación	15
Artigo 32.- Dirección e/ou Coordinación do Centro Xuvenil	15
Artigo 33.- Xestora e outras persoas contratadas	15
TÍTULO IV Réxime de financiación, contabilidade e documentación	17
Artigo 34.- Obrigas documentais e contables	17
Artigo 35.- Recursos económicos	17
Artigo 36.- Patrimonio inicial e exercicio económico	17
Artigo 37.- Disposición de fondos	17
TÍTULO V O Regulamento de Réxime Interno	18
Artigo 38.- O Regulamento de Réxime Interno	18
TÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN	19
Artigo 39.- Modificación de Estatutos	19
Artigo 40.- Acordo de disolución	19
Artigo 41.- Comisión Liquidadora	19



TÍTULO I

Denominación, fins, actividades, domicilio e ámbito

Artigo 1.- Denominación

Coa denominación de Asociación CENTRO XUVENIL ABEIRO, constitúese unha entidade sen ánimo de lucro prestadora de servizos á mocidade, ao abeiro do artigo 22 da Constitución Española, que se rexerá pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de Asociación, e normas complementarias, e polos Estatutos vixentes.

Artigo 2.- Duración

Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3.- Fins

A Asociación ten coma finalidade xeral a de contribuír no tempo libre á educación e promoción integral da infancia e mocidade.

Segundo isto, os seus fins son:

- a) Prestar todo tipo de servizos educativos e sociais á infancia e mocidade do noso eido de actuación, dacordo coas súas necesidades e intereses.
- b) Desenvolver proxectos de animación xuvenil e acción socio-educativa que promovan o protagonismo xuvenil, o acompañamento persoal das mozas e mozos e a transformación da realidade.
- c) Ofrecer espazos e locais de encontro, acollida, xogo e outro tipo de actividades recreativas, culturais e formativas para a infancia e mocidade.
- d) Desenvolver iniciativas e grupos de educación en valores e programas de sensibilización social que promovan unha cultura da solidariedade e do compromiso pola xustiza, a defensa dos dereitos humanos, a paz e a interculturalidade na nosa sociedade e no mundo.
- e) Formar aos membros da Asociación, e a outras persoas interesadas, no eido da animación, o compromiso social e a educación no tempo libre.
- f) Facilitar a inserción social e laboral da mocidade.
- g) Facilitar a escolarización da infancia e mocidade con dificultades sociais ou económicas a través de iniciativas de apoio extraescolar.
- h) Fomentar o voluntariado social e educativo xuvenil e a formación específica do mesmo.
- i) Organizar e facilitar a participación da infancia e mocidade en proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento.
- j) Promover entre a infancia e mocidade a educación para a saúde, a educación medioambiental e a educación vial.
- k) Promover a actividade deportiva, especialmente entre a mocidade.



- l) Promover o asociacionismo xuvenil e a participación social e política da mocidade.
- m) Promover a lingua e cultura galega e potenciar o uso do galego entre a infancia e mocidade.
- n) Facilitar a participación nos programas comunitarios de circulación da mocidade e o intercambio de persoas voluntarias entre os países da Unión Europea.
- o) Promover a ampliación e mellora da información xuvenil.
- p) Promover manifestacións e actividades artísticas (teatro, música, fotografía, debuxo, ...)
- q) Promover o achegamento da infancia e mocidade ás novas tecnoloxías da relación, información e comunicación e contribuír á difusión das mesmas.
- r) Mellorar e protexer a imaxe da infancia e mocidade nos medios de comunicación.
- s) Promover proxectos que incidan na superación das causas que xeran a exclusión social, especialmente entre a infancia e mocidade: a desestruturación familiar, o fracaso escolar, o rexeite das minorías étnicas e inmigrantes, o paro e a explotación laboral, a discriminación da muller, as experiencias alienantes de tempo libre coma o abuso do alcol e as drogas, os malos tratos, os abusos sexuais, a intolerancia e o racismo, a violación dos dereitos humanos.
- t) Promover outra serie de proxectos nos que as persoas destinatarias sexan as familias e outras persoas adultas cunha responsabilidade específica con nenas, nenos, mozas e mozos para os apoiar na súa tarefa educativa.

Artigo 4.- Actividades

Para o cumprimento destes fins, realizaranse as seguintes actividades:

- a) Actividades formativas e informativas de todo tipo, encamiñadas a acadar os fins anteriormente sinalados.
- b) Actividades de tempo libre dirixidas á infancia e mocidade: obradoiros, ludotecas e salas de xogo, campamentos de verán, teatro, música, excursións, festas e calquera outro tipo de actividade educativa no tempo libre.
- c) Actividades de formación e sensibilización en valores como campañas, exposicións, semanas temáticas, publicación de revistas ou follas informativas, charlas, cursos.
- d) Actividades deportivas e de formación neste eido.
- e) Actividades de educación medioambiental, educación para a saúde e educación vial.
- f) Actividades dirixidas á promoción da lingua e cultura galega e á normalización do uso do galego entre a infancia e mocidade.
- g) Actividades encamiñadas á promoción e formación das novas tecnoloxías da relación, información e comunicación.
- h) Actividades de carácter social e acción educativa con nenas, nenos, mozas e mozos en dificultade, minorías étnicas e migrantes.
- i) Actividades encamiñadas á promoción da inserción social e laboral da mocidade.
- j) Actividades de promoción e formación do voluntariado educativo e social.
- k) Actividades encamiñadas á promoción social e laboral da muller.
- l) Actividades de cooperación internacional ao desenvolvemento.
- m) Grupos formativos de educación en valores para nenas, nenos, mozas e mozos.



- n) Actividades dirixidas ás familias coma escolas de pais e nais e outras iniciativas formativas ou lúdicas relacionadas coa infancia e mocidade.
- o) Colaboración noutras actividades promovidas por outras entidades de carácter xuvenil, social e cultural.
- p) Todas aquelas que favorezan o desenvolvemento persoal dos membros da Asociación na vida social comunitaria.
- q) Calquera outra actividade que se vexa apropiada para desenvolver algúns dos fins antes sinalados.

Artigo 5.- Domicilio e ámbito

A Asociación establece o seu domicilio social na Rúa Don Bosco, nº 1, na cidade de A Coruña, provincia de A Coruña, no C.P. 15002. O seu eido de actuación é fundamentalmente local e provincial.

Artigo 6.- Sección Xuvenil

Para un mellor desenvolvemento dos fins poderase crear unha sección xuvenil da Asociación, da que poderán formar parte persoas asociadas, coa idade que a lei de xuventude vixente de Galicia estableza como persoas novas, que así o desexen de modo voluntario por acto expreso de afiliación e que se identifiquen coma tales.

A dita sección recoñéceselle autonomía funcional e organizativa, así coma goberno propio para os asuntos especificamente xuvenís, garantindo que a representación da mesma correspóndelle a órganos propios. Todo isto segundo a modalidade que se estableza no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 7.- Inscripción

A Asociación terá personalidade coma tal desde o momento da súa inscrición no rexistro legal da delegación territorial da Coruña.

Artigo 8.- Identidade

A Asociación CENTRO XUVENIL ABEIRO forma parte do Movemento Xuvenil Salesiano e como tal a súa identidade queda definida nos distintos documentos xerados a tal efecto, especialmente en “A Proposta Educativa dos Oratorios e Centros Xuvenís Salesianos” e no “Regulamento de Réxime Interno dos Centros Xuvenís”.



TÍTULO II As persoas asociadas

Artigo 9.- Requisitos para asociarse

Poderán pertencer á Asociación con pleno dereito aquelas persoas maiores de idade que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación e así o soliciten.

Así mesmo, poderán pertencer á Asociación, con voz mais sen voto, os menores de idade con máis de 14 anos e co consentimento da patria potestade.

Artigo 10.- Persoas Asociadas

Dentro da Asociación existirán as seguintes persoas asociadas:

- a) *Fundadoras/Fundadores*, que serán aquelas persoas que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) *Numerarias/Numerarios*, que serán as persoas que ingresen despois da constitución da Asociación e que cumpran cos requisitos establecidos polo Regulamento de Réxime Interno.
- c) *Honorarias/Honorarios*, que serán aquelas persoas que polo seu prestixio ou por ter contribuído de xeito relevante aos fins da Asociación, fáganse acreedoras a tal distinción. O seu nomeamento corresponderá á Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) e deberase aprobar pola asemblea xeral.
- d) *Amigas/Amigos de Abeiro*, que serán aquelas persoas maiores de catorce anos que non queiran ser numerarias.
- e) *Destinatarias/Destinarios*, de carácter simbólico, é meramente un recoñecemento como socias daquelas persoas destinatarias das actividades do centro xuvenil baixo as condicións estipuladas polo Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 11.- Causas de perda da condición de Persoa Asociada

Perderase a condición de persoa asociada por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).
- b) Por incumprimento das súas obrigas económicas, se deixara de satisfacer as cotas periódicas.
- c) Por conduta incorrecta, por desprestixiar á Asociación con feitos ou palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre as persoas asociadas.

Nos supostos de sanción e separación das persoas asociadas, informarase en todo caso á persoa afectada dos feitos que poidan dar lugar a tales mediadas, e escoitarase previamente, debendo ser motivado o acordo que, que en tal senso, se adopte.



Artigo 12.- Dereitos das Persoas Asociadas

As persoas asociadas *Fundadoras* e *Numerarias* terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Asociación.
- b) Participar nos órganos de goberno e representación.
- c) Exercer o dereito de voto no caso de ser maiores de idade.
- d) Asistir á Asemblea Xeral.
- e) Ser informadas sobre a composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- f) Ser escoitadas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.
- h) Facer suxestións ás persoas membro da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.
- i) Ter un documento acreditativo da súa condición de persoa asociada.

As persoas asociadas *Honorarias* e *Amigas de Abeiro* terán os mesmos dereitos que as *Fundadoras* e *Numerarias*, agás os que figuran nos apartados b), c) e g).

Artigo 13.- Deberes das Persoas Asociadas

As persoas asociadas *Fundadoras* e *Numerarias* terán as seguintes obrigas:

- a) Ser fieis ás finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Pagar as cotas e outras aportacións que poidan corresponder segundo o Regulamento de Réxime interno, a cada persoa asociada.
- c) Cumprir co resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias e do Regulamento de Réxime Interno.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
- e) Aceptar o ideario educativo da Asociación.

As persoas asociadas *Honorarias* e *Amigas de Abeiro* terán as mesmas obrigas que as *Fundadoras* e *Numerarias*, agás as que figuran no apartado b).



TÍTULO III

Órganos da asociación

Artigo 14.- Órganos de Goberno e representación da Asociación

Os órganos de goberno e representación da Asociación son, respectivamente, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).

CAPÍTULO I

Asemblea Xeral

Artigo 15.- Natureza

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada pola Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) e por todas as demais persoas asociadas, que poidan participar na mesma segundo o procedemento que se estableza no Regulamento de Réxime Interno. As funcións de Presidencia e Secretaría da Asemblea serán asumidas pola Presidencia e Secretaría da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).

Artigo 16.- Reunións

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase coma mínimo unha vez ao ano e as extraordinarias cantas veces a solicite a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) ou a solicite o vinte por cento das persoas asociadas con dereito a voto. Neste último caso realizarase por medio dun escrito á Presidencia, autorizado polas sinaturas das persoas asociadas solicitantes, e no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 17.- Convocatorias

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar (puidendo celebrarse tamén de xeito online), día e hora da reunión, así coma a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria terán que mediar polo menos quince días, podendo así mesmo facerse constar, se procedera, a data e a hora en que se xuntará a Asemblea en segunda convocatoria, que terá que ser polo menos trinta minutos despois da primeira convocatoria.

Por razóns de urxencia xustificada, poderanse reducir os nomeados prazos.



Artigo 17 bis.- Convocatorias telemáticas

As Asembleas Xerais poderán celebrarse de xeito telemático, sempre e cando se garanta a comunicación en tempo real e por tanto a unidade de acto, de xeito que unha, varias, ou todas as persoas convocadas poidan asistir telematicamente.

As circunstancias de celebración e a posibilidade de empregar ditos medios telemáticos indicaranse na convocatoria da asemblea, que entenderase celebrada no domicilio social da asociación.

A persoa secretaria da asemblea deberá recoñecer a identidade das persoas asistentes e expresalo así na acta.

Artigo 18.- Validez da constitución

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas cando concorran a elas, nas condicións que estableza o Regulamento de Réxime Interno, polo menos a metade máis unha das persoas asociadas con dereito a voto na primeira convocatoria, ou en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 19.- Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar a acta da reunión anterior.
- b) Aprobar o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- d) Examinar e aprobar as contas e o balance económico do exercicio.
- e) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- f) Aprobación das cotas.
- g) As demais que resulten dos Estatutos e que non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).

Artigo 20.- Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modificar os Estatutos da Asociación.
- b) Elixir aos membros da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).
- c) Aprobar a constitución dunha federación de Asociacións ou integrarse nelas.
- d) Autorizar a disposición ou venda de bens integrantes do inmovilizado.
- e) Acordar a disolución da Asociación e designar os liquidadores.
- f) Solicitar a declaración da Asociación de Utilidade Pública.



- g) Aprobar o Regulamento do Réxime Interno da Asociación e as súas modificacións.
- h) As que sendo competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria sen grave prexuízo para a Asociación.

Artigo 21.- Validez de adopción de acordos

Os acordos tomaranse por maioría absoluta de votos válidos, presentes ou representados. Se non se obtén a maioría absoluta nunha primeira votación, farase unha segunda votación na que abondará a maioría simple para a aprobación do acordo.

Quedan exceptuados do anterior os acordos relativos aos apartados a), d) mais e) do *Artigo 20.- Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria*, que requirirán a maioría cualificada de dous terzos dos votos emitidos para a súa aprobación.

Os acordos adoptados consonte aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

CAPÍTULO II Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador)

Artigo 22.- Natureza e composición

A Xunta Directiva, chamada tamén Equipo Coordinador, é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por un mínimo de seis persoas que asuman as funcións de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesoureiría, Vogal Dirección e Vogal Coordinación. E tantos vogais como se estimen necesarios para garantir a representación dos distintos sectores de actuación da Asociación segundo se recolla no Regulamento de Réxime Interno. Todas elas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incursos en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

O seu mandato terá unha duración de dous anos, podendo ser reelixidas as persoas integrantes ao finalizar o seu mandato.

Todos estes cargos serán de carácter gratuíto.

Os cargos de Presidencia e Secretaría da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) serán, asemade, os da Asemblea.



Artigo 23.- Procedemento para a elección e substitución das persoas membro

A elección das persoas membro da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador), agás os cargos de Vogal Dirección e Vogal Coordinación que serán designados segundo o establecido polo “Regulamento de Marco de Funcionamento Interno dos Centros Xuvenís Salesianos”, será por sufraxio das persoas asociadas que nese intre estean en situación regular coa Asociación, presentes ou representadas en Asemblea Extraordinaria. A validez da elección determínase polo establecido no *Artigo 21.- Validez de adopción de acordos.*

En caso de ausencia ou enfermidade dalgunha persoa membro da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador), poderá ser substituída provisionalmente por outra compoñente desta, previa designación por maioría das persoas membro, agás no caso da persoa ocupe o cargo de Presidencia, que será substituída pola que ocupe o cargo de Vicepresidencia.

As vacantes que puideran producirse durante o mandato de calquera persoa membro da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) serán cubertas provisionalmente entre ditas persoas até a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

As persoas membro da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) poderán causar baixa por renuncia voluntaria, por incumprimento das súas obrigas, por acordo da Asemblea Xeral ou por finalización do mandato.

As persoas membro da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) que esgotaron o prazo para o cal foron elixidas, continuarán ostentando os seus cargos até o intre en que se produza a aceptación das que as substitúan.

Artigo 24.- Reunións e validez de constitución e adopción de acordos

A Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) reunirse, previa convocatoria e debendo mediar polo menos tres días entre esta e a súa celebración, cantes veces o estime oportuno a Presidencia ou polo menos unha terceira parta das persoas membro. Quedará constituída cando asista a metade máis unha das persoas membro e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría dos votos presentes. No caso de empate, será de calidade o voto da Presidencia ou de quen faga as súas veces.

Artigo 25.- Facultades da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador)

Son facultades da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador):

- a) Confeccionar o plano de actividades educativas e sociais da Asociación, levar a xestión económica e administrativa da Asociación, e calquera outro acto propio das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.
- b) Levar a cabo os acordos da Asemblea Xeral.



- c) Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral os orzamentos anuais e as contas.
- d) Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno e as modificacións oportunas deste, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Resolver a admisión de novas persoas asociadas ou a perda da condición de asociada de acordo co *Artigo 9.- Requisitos para asociarse* e o *Artigo 11.- Causas de perda da condición de Persoa Asociada*.
- f) Ser garante da identidade da Asociación.
- g) Designar as comisións de traballo, seccións ou grupos de reflexión que se xulguen oportunas para o bo funcionamento da Asociación.
- h) Calquera outra finalidade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

Artigo 26.- Comisión Executiva

Para facer un seguimento dos asuntos ordinarios e tomar decisión de urxencia, a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) poderá delegar funcións nun grupo máis pequeno ou comisión executiva que se xunte máis a miúdo. Neste grupo estarán os cargos de Presidencia, Vogal Dirección e Vogal Coordinación e, cando fose preciso, algunha persoa membro máis da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador), a xuízo desta.

CAPÍTULO III

Os cargos unipersoais

Artigo 27.- Presidencia

A Presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados e velar polo cumprimento dos seus fins.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).
- c) Dirixir as deliberacións dunha e outra.
- d) Autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- e) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, resulte necesaria ou convinte para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador).

Artigo 28.- Vicepresidencia

A Vicepresidencia substituirá á Presidencia en ausencia desta, motivada por enfermidade ou calquera outro motivo, e terá as mesmas atribucións que ela. A Presidencia poderá delegar nela tamén algunhas das súas atribucións se o considera oportuno.



Artigo 29.- Secretaría

A Secretaría expedirá certificacións, levará os ficheiros e as obrigas documentais da entidade, remitindo no seu caso, as comunicacións á Administración ou outras entidades, cos requisitos pertinentes.

Artigo 30.- Tesoureiría

A Tesoureiría custodiará os fondos pertencentes á Asociación.

Así mesmo é a persoa encargada da contabilidade e do cumprimento das obrigas legais que ela conleva e preparará as contas e orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

Artigo 31.- Vogais representantes dun sector de actuación

As persoas Vogais terán as obrigas propias do seu cargo coma membros da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) e así coma as que nazan das delegacións que a propia Xunta lles encomende.

Son nexos entre as persoas asociadas da súa área e a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador), levando a esta as súas propostas e comunicándolles as decisións tomadas pola mesma.

Artigo 32.- Dirección e/ou Coordinación do Centro Xuvenil

As persoas que levan a cabo as funcións de Dirección e/ou Coordinación do Centro Xuvenil son as responsables da coordinación e animación dos diversos sectores de actuación Centro Xuvenil. As súas funcións e modo de designación veñen determinadas polo “Regulamento de Marco de Funcionamento Interno dos Centros Xuvenís Salesianos”, que asumimos de acordo co *Artigo 8.- Identidade* dos presentes Estatutos.

Así mesmo a Dirección será tamén a persoa Responsable de Asuntos Laborais no seo do Centro Xuvenil.

Artigo 33.- Xestora e outras persoas contratadas

A Asociación pode contratar a unha persoa que exerza a función de xestora. A elección e contratación da persoa concreta é competencia da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador). Esta persoa terá as funcións que a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) lle pida en relación coa xestión directa da Asociación e a relación coas diversas entidades públicas e privadas. Coma seguidor do ritmo ordinario asiste ás reunións da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) con voz pero sen voto.

O previsto neste artigo para a contratación dunha persoa xestora, é extensible a calesquera outras contratacións que se considera necesario ou convinte realizar para unha mellor consecución dos fins



da Asociación. Quedando en mans da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) a súa participación ou non, neste órgano.



TÍTULO IV

Réxime de financiación, contabilidade e documentación

Artigo 34.- Obrigas documentais e contables

A Asociación disporá dunha relación actualizada de persoas asociadas. Así mesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.

Nun Libro de Actas, figurarán as correspondentes ás xuntanzas que celebren os seus órganos de goberno e representación.

Artigo 35.- Recursos económicos

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de entrada, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións ou donativos que lle poidan conceder os órganos da Administración Pública, entidades privadas ou particulares.
- c) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das súas actividades.
- d) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para entidades non lucrativas.

Artigo 36.- Patrimonio inicial e exercicio económico

A Asociación carece de Patrimonio inicial.

Anualmente e con referencia ao derradeiro día do exercicio asociativo e económico, que cadrará co derradeiro día do ano natural, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria para a súa aprobación pola Asemblea Xeral Ordinaria.

A Asemblea Xeral Ordinaria deberá aprobar tamén o orzamento anual.

Artigo 37.- Disposición de fondos

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, deberán ser recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente ás persoas que a Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) considere oportuno.

Coma entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre as persoas asociadas os recursos obtidos pola Asociación.



TÍTULO V O Regulamento de Réxime Interno

Artigo 38.- O Regulamento de Réxime Interno

O Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do acordado nos mesmos.

TÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 39.- Modificación de Estatutos

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva (ou Equipo Coordinador) ou da metade das persoas asociadas con dereito a voto. A tal efecto, convocarase unha Asemblea Extraordinaria e porase a disposición das persoas asociadas o texto coas modificacións propostas, dando un prazo de sete días para que calquera persoa asociada poida dirixir á Secretaría as emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será preciso que se cumpran as condicións establecidas no *Artigo 21.- Validez de adopción de acordos*.

Artigo 40.- Acordo de disolución

A Asociación poderase disolver:

- Por vontade das persoas asociadas con dereito a voto, expresada mediante acordo da Asemblea Xeral.
- Por imposibilidade de cumprir os fins previstos nos estatutos aprezada por acordo da Asemblea Xeral.
- Por sentenza xudicial firme ou outras causas determinadas legalmente.

O acordo de disolución adoptarase pola Asemblea Xeral, convocada ao efecto, segundo as condicións establecidas no *Artigo 21.- Validez de adopción de acordos*.

Artigo 41.- Comisión Liquidadora

En caso de disolución, a Asemblea Xeral nomeará dúas persoas asociadas liquidadoras que xunto coa Presidencia, Tesoureiría e Vogal Dirección do Centro Xuvenil constituiranse en Comisión Liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas e cobrados os ingresos pendentes, destinará o sobranse líquido, se existise, para a Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia e no seu defecto, á Obra Salesiana onde está situada a Asociación Centro Xuvenil Abeiro, por ser esta entidade a que máis se identifica cos nosos fins, proxecto educativo e eido territorial de actuación da Asociación liquidada. A entidade beneficiaria deberá empregar dito sobranse en fins benéficos sen ánimo de lucro para a mocidade.

Os bens adquiridos pola Asociación, en caso de disolución, non poden ser repartidos entre as persoas asociadas, senón que quedarán tamén a disposición da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia e no seu defecto, á Obra Salesiana onde está situada a Asociación Centro Xuvenil Abeiro, co uso citado anteriormente.





ESTATUTOS

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

A Comisión Liquidadora terá as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo.

Con data do 15-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1994/003519-1.



CVE: 3cuG7CKIFh37
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais disposicións complementarias.

DILIXENCIA

Don **Alberto García Lema**, titular da Presidencia, e Dna. **Soraya González Piñeiro**, titular da Secretaría da Asociación Centro Xuvenil Abeiro, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data **1 de outubro de 2022**, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Titular de Presidencia

Titular de Secretaría

Asdo.: **Alberto García Lema**

Asdo.: **Soraya González Piñeiro**

